



R lanza THEA, unha plataforma de IoT, Big Data, analítica avanzada e RPA en modo servizo, orientado ás empresas

- *O tratamento da información en tempo real, a dixitalización de procesos e a construción do servizo a medida da empresa cliente garanten unha xestión TIC diferencial.*
- *Como complemento, pódese engadir a Automatización Robótica de Procesos (RPA) mediante SANDRA, un 'bot' que utiliza as ferramentas de asistencia dispoñibles, interpreta os resultados e toma decisións en base a parámetros preestablecidos.*
- *Trátase dun servizo deseñado por R, baseándose na escoita das necesidades que lle expoñen no día a día as empresas galegas.*

Luns, 25 de abril de 2022.- R, o operador de telecomunicacións líder en Galicia, lanzou THEA, un servizo de **monitorización e xestión de redes** deseñado de forma específica para as empresas que desexan manter baixo control as súas infraestruturas IT co fin de axudalas a avanzar nos seus procesos de dixitalización e potenciar, así, a súa competitividade.

THEA de R lles permite ás empresas a entrada, almacenamento e **análise da información xerada por distintas fontes TIC** en tempo real. Ademais, incorpora ferramentas e autómatas *software* para a dixitalización e optimización de procesos de operación e xestión TIC e o aproveitamento dos datos, garantindo a dispoñibilidade, rendemento e seguridade dos servizos en todo momento.

Trátase dun servizo pioneiro deseñado e desenvolvido polo propio operador galego, baseándose na escoita das necesidades que lle expoñen no día a día as empresas de Galicia que lle confiaron os seus servizos de telecomunicacións: solucións baseadas na **analítica de datos, con monitorización en tempo real** das súas distintas sedes e centros de procesos de datos, entre outras funcionalidades.

As empresas galegas xa non teñen que investir recursos económicos e humanos en sistemas de monitorización 'ad hoc', xa que agora poden contratar en modo servizo esta plataforma tecnolóxica. Agora, con THEA, as empresas poden, dende unha única ferramenta e de maneira completamente autónoma, monitorizar o estado da súa rede de comunicacións e as súas máquinas virtuais, realizar operacións sobre os equipos e automatizar as máis repetitivas, ademais de facer seguimentos de posibles incidencias. En definitiva, un servizo que facilita as tarefas de diagnóstico, operación e xestión de todas as fontes TIC das empresas.

Esta ferramenta permite definir regras e mensaxes de aviso ao usuario para coñecer o estado da súa rede sen que este teña que acceder ao panel de forma proactiva, o que a converte nun potente instrumento para as empresas, que poden controlar en remoto, diagnosticar e tomar decisións en tempo real en base á información obtida por THEA.



'Bot' para a automatización de procesos SANDRA

De xeito adicional, tras un estudo personalizado, pódese completar THEA con tecnoloxía RPA (Automatización Robótica de Procesos). O 'bot' para a automatización de procesos bautizouse como SANDRA: utiliza as ferramentas de asistencia dispoñibles, interpreta os resultados e toma decisións en base aos parámetros preestablecidos. SANDRA complementa, ademais, o labor das persoas, podendo realizar unha vixilancia 24x7 dos servizos controlados remotamente, así como auditorías e diagnósticos automáticos sobre os devanditos servizos.

R ofrécelles ás empresas clientas un asesoramento experto na posta en marcha e un mantemento específico para poder obter o máximo rendemento e calidade dos servizos contratados.



Orixe de THEA

*Por que esta plataforma de control en remoto e xestión se chama THEA? Na mitoloxía grega, **Thea** era considerada como a 'titánide' de onde procede toda a luz. Ten outros nomes que fan referencia ás súas calidades divinas: de amplo brillo e **rastrexadora ou observadora**. É a nai de Helios, ao que se adoita describir como un deus que **todo o ve**, trazo atribuído implicitamente a Thea.*

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal